

Área de Rehabilitación Integral da zona vella de Ponteareas



Plano de delimitación da ARIZV de Ponteareas

- **Enderezo:** Xardíns da Xiralda. 36860 Ponteareas
- **Teléfono:** 986 640000 986 640001
- **Email:** rehabilitacion@ponteareas.gal
- **Web:** <https://ponteareas.gal/servizos/rehabilitacion/>

- O Concello de Ponteareas ten delimitada unha Área de Rehabilitación Integral de ámbito urbano por RESOLUCIÓN do 2 de xuño de 2021 pola que se declara a **Área de Rehabilitación Integral da zona vella de Ponteareas** (ARIZV) recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia e polo Ministerio.

Nestes intres procede realizar a tramitación da declaración de Entorno Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP) que pode ser coincidente coa ARIZV para optar aos fondos públicos para a rehabilitación dos inmobles do ámbito e do espazo urbano.

O **Concello de Ponteareas** ofrece servizos de asesoramento sobre axudas á rehabilitación de edificios, vivendas, barrios, espazos públicos, etc, que permita o investimento de fondos públicos e privados para a posta en valor da zona vella de Ponteareas de xeito programado e doutras zonas do termo municipal.

Servizos que se prestan

- Asesoramento técnico, visitas técnicas, suxestións de intervención óptima nos inmobles, supervisión de orzamentos e facturas para os programas de axudas de rehabilitación da área.
- Información de axudas dos distintos plans de vivenda ou regulación autonómica ou estatal en materia de vivenda para a rehabilitación de inmobles.

- Información das axudas compatibles dentro do ámbito ou fora deste e de liñas de financiamento.

Normativa reguladora

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

- Real Decreto 853/2021, de 5 de outubro, por el que se regulan los programas de ayuda en materia de rehabilitación residencial y vivienda social del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

(enlace: [RealDecreto_853_2022_BOE239.pdf](#))

- Real Decreto-ley 19/2021, de 5 de outubro, de medidas urgentes para impulsar la actividad de rehabilitación edificatoria en el contexto del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.

(enlace: [RealDecretoLey_19_2022_BOE239.pdf](#))

Plan Estatal de Vivienda 2022-2025

- Real Decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono de Alugueiro Xove e o Plan Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

(enlace: [PlanEstatal_2022_2025_BOE16.pdf](#))

Aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do PEV 2022-2025 e RD 853/2021

- - Resolución do 18 de febreiro de 2022 pola que se convoca o Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2022, con carácter plurianual (código de procedemento VI406E). En detalle, máis abaixo.

Enlaces: [RESOLUCION_PRTR_gl.pdf](#) e [EXTRACTO_PRTR_gl.pdf](#)

- - Resolución do 5 de maio de 2022 pola que se convoca o Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2022, con carácter plurianual (código de procedemento VI406F). En detalle, máis abaixo.

Enlaces: [RESOLUCION_EDIFICIO_VI406F_gl.pdf](#) e [EXTRACTO_EDIFICIO_VI406F_gl.pdf](#)

- - Resolución do 5 de maio de 2022 pola que se convoca o Programa de axudas á elaboración do libro do edificio existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2022, con carácter plurianual (código de procedemento VI406G). En detalle, máis abaixo.

Enlaces: [RESOLUCION_LEE_PROXECTOS_VI406G_gl.pdf](#) e

[EXTRACTO_LEE_PROXECTOS_VI406G_gl.pdf](#)

Axudas Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Reguladas no Real Decreto 853/2021, de 5 de outubro teñen os seguintes programas para a rehabilitación de edificios e/ou vivendas.

As axudas que, neste momento teñen aberta a súa convocatoria, son tramitadas polo IGVS. Para maior información teñen o tf **881 045 897** e os seguintes correos electrónicos:

calidade.igvs@xunta.gal

programapree.igvs@xunta.gal

rehabilitacion.igvs@xunta.gal

Teñen á súa disposición unha Guía das axudas para obras de rehabilitación de eficiencia enerxética en vivenda, no seguinte enlace:

http://igvs.xunta.gal/ipecos-opencms-portlet/export/sites/default/PortalVivenda/Biblioteca/Lexislacion/Eficiencia_enerxetica/20220318_GuXA_EFICIENCIA_DIXITAL.pdf

Da colaboración entre o IDAE e o CSAE, poden consultar unha Guía para a xestión de axudas á rehabilitación enerxética de edificios no seguinte enlace:

<https://www.idae.es/ayudas-y-financiacion/para-la-rehabilitacion-de-edificios/programa-pree-rehabilitacion-energetica-de/guia-practica-para-la-gestion-de-ayudas-la-rehabilitacion-energetica-de-edificios>

Teñen tamén á súa disposición unha Guía sobre desgravacións fiscais para rehabilitación de vivendas e edificios residenciais no seguinte enlace:

http://www.cscae.com/index.php/component/jdownloads/send/16-documentos-cscae/56-guia-sobre-desgravaciones-fiscales-para-rehabilitacion-de-viviendas-y-edificios-residenciales?option=com_jdownloads

- **Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio**

Regulado polos Art 30 a 39 do RD 853/2021.

Ten por obxecto, o financiamento de obras ou actuacións nos edificios de uso predominante residencial nas que se obteña unha mellora acreditada da eficiencia enerxética, con especial atención á envolvente edificatoria en edificios de tipoloxía residencial colectiva, incluíndo as súas vivendas, e nas vivendas unifamiliares.

Os edificios de tipoloxía residencial de vivenda colectiva deben cumprir:

Polo menos o 50% da súa superficie construída sobre rasante, excluída a planta baixa, teña uso residencial e que as actuacións contén co acordo da comunidade de propietarios, salvo nos casos de edificios de propietario único.

As actuacións de rehabilitación nos edificios residenciais e vivendas unifamiliares deben mellorar a eficiencia enerxética polo que se debe acreditar o seguinte:

Redución de polo menos o 30% do consumo enerxía primaria non renovable, referida á certificación enerxética.

Redución da demanda de enerxía global anual de calefacción e refrixeración de: un 35% en zonas climáticas D e E e de un 25% en zona climática C.

Os edificios históricos ou protexidos oficialmente polo seu valor arquitectónico non terán que cumprir coa redución de demanda establecida para as actuacións sobre a envolvente térmica. Así mesmo, os edificios nos que levasen a cabo intervencións de mellora da eficiencia enerxética nos últimos catro anos e que conseguisen importantes melloras no consumo de calefacción e refrixeración, tampouco terán que alcanzar os límites fixados de redución de demanda.

Resumo axudas do programa:

Ahorro energético conseguido con la actuación	Porcentaje máximo de la subvención del coste de la actuación	Vivienda	Locales comerciales u otros usos
		Cuantía máxima de la ayuda por vivienda (euros)	Cuantía máxima de la ayuda por m ² (euros)
$30\% \leq \Delta C_{ep,nren} < 45\%$	40	6.300	56
$45\% \leq \Delta C_{ep,nren} < 60\%$	65	11.600	104
$\Delta C_{ep,nren} \geq 60\%$	80	18.800	168

Axuda adicional ata o 100 %, retirada de elementos con amianto, poderá incrementarse ata un máximo de 1.000 euros por vivenda ou 12.000 euros por edificio obxecto de rehabilitación.

Convocatoria aberta de 17/05/2022 ata o 30/11/2022 mediante a RESOLUCIÓN 5 de maio de 2022 pola que se convoca o Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2022, con carácter plurianual (código de procedemento VI406F).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220516/AnuncioC3Q2-060522-0003_gl.pdf

- **Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas.**

Regulado polos Art 40 a 49 do RD 853/2021.

Ten por obxecto o financiamento de actuacións ou obras de mellora da eficiencia enerxética nas vivendas, xa sexan unifamiliares ou pertencentes a edificios plurifamiliares.

A vivenda será domicilio habitual e permanente. Require obras que reduzan a demanda enerxética (calefacción e refrixeración) de, polo menos, un 7% ou unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable de polo menos un 30%, ou, no caso de actuacións de modificación ou substitución de elementos construtivos da envolvente térmica, adecuar as súas características aos valores límite de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire, cando proceda, establecidos nas táboas 3.1.1.a-HE1 e 3.1.3.a-HE1, do documento básico DB HE de aforro de enerxía do Código Técnico da Edificación.

O importe da subvención será do 40% do custo da actuación cun límite de 3.000 euros por vivenda. O custo mínimo de cada actuación ha de ser igual ou superior a 1.000 euros por vivenda.

Estas axudas son compatibles coas do programa de actuacións de rehabilitación a nivel de barrios ou coas do programa de rehabilitación integral de edificios, a condición de que quede acreditado que non se subvenciona o mesmo custo. Así mesmo, as subvencións serán compatibles con calquera outras axudas públicas para o mesmo obxecto, sempre que non se supere o custo total das actuacións e non se destinan a abonar os mesmos gastos.

Convocatoria aberta de 04/03/2022 ata o 14/10/2022 mediante a RESOLUCIÓN do 18 de febreiro de 2022 pola que se convoca o Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2022, con carácter plurianual (código de procedemento VI406E).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220303/AnuncioC3Q2-180222-0002_es.html

- **Programa de axuda á elaboración do libro do edificio existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación.**

Está Regulado polos Art 50 a 58 do RD 853/2021. O obxecto deste programa é o impulso á implantación e xeneralización do Libro do Edificio Existente (LEE) para a rehabilitación.

A contía das axudas para edificios de ata 20 vivendas é de 700 euros, máis 60 euros por vivenda, para os de máis de 20 vivendas: 1.100 euros, máis 40 euros por vivenda, cunha contía máxima de subvención de 3.500 euros, se o edificio carece de ITE, IEE ou análogo pode obter ata un 50% máis.

Para proxectos técnicos de rehabilitación, en caso de vivendas unifamiliares e edificios plurifamiliares de ata 20 vivendas: 4.000 euros, máis unha cantidade de 700 euros por vivenda. En caso de edificios plurifamiliares de máis de 20 vivendas: 12.000 euros, máis unha cantidade de 300 euros por vivenda, cunha contía máxima de subvención de 30.000 euros.

Convocatoria aberta de 17/05/2022 ata o 30/11/2022 mediante a Resolución do 5 de maio de 2022 pola que se convoca o Programa de axudas á elaboración do libro do edificio existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2022, con carácter plurianual (código de procedemento VI406G).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220516/AnuncioC3Q2-060522-0001_gl.pdf

Axudas complementarias:

Neste apartado incorpóranse programas de axudas compatibles coas axudas nas ARIS.

- [RESOLUCIÓN e EXTRACTO do 11 de maio de 2022](#) pola que se convocan, para a anualidade 2022, as axudas financeiras do programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas, con financiamento plurianual (código de procedemento VI406B).

Enlaces:

[RESOLUCION_Axudas.Financieiras_DOG.101.pdf](#)

[EXTRACTO_Axudas.Financieiras_DOG.101.pdf](#)

- RESOLUCIÓN e EXTRACTO do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K).

Enlaces:

[RESOLUCION_Axudas_Programas_4_5_gl.pdf](#)

[EXTRACTO_Axudas_Programas_4_5_gl.pdf](#)

- RESOLUCIÓN e EXTRACTO do 28 de outubro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos 6 vencellado á realización de instalacións de enerxías renovables térmicas no sector residencial, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422L e IN422M).

Enlaces:

[RESOLUCION_Axudas_Programa_6_gl.pdf](#)

[EXTRACTO_Axudas_Programa_6_gl.pdf](#)

Outras Axudas:

Neste apartado incorpóranse outros programas de axudas, non compatibles coa ARIZV de Pontearreas:

- RESOLUCIÓN do 19 de xaneiro de 2022 pola que se convocan distintas liñas de subvencións para actuacións de rehabilitación para o ano 2022 (códigos de procedemento VI422F e VI406A).

ENLACE: [Anuncio_Liñas_Axudas_DOGA_26_gl.pdf](#)